



# PLAN DIXITAL

## CEIP ROGELIO GARCÍA YÁÑEZ

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Denominación: C.E.I.P. “Rogelio García Yáñez”.
- Código do centro: 32011135.
- Tipo de centro: Público – dependente da Xunta de Galicia.
- Dirección: O Picouto s/n 32810.
- Localidade: Ramirás (Ourense).
- Teléfono: 988685090.
- Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprogelioyanhez/>
- E-mail: ceip.rogelio.yanhez@edu.xunta.gal
- Idades do alumnado: entre os 3 e os 12 anos.
- Número de unidades 3: 1 de infantil (4º, 5º, 6º de infantil) e 2 de primaria (1º, 2º, 3º de primaria)- (4º, 5º, 6º de primaria)
- Número de alumnos 2021-2022: 51 alumnos.
- I.E.S. ao que está adscrito: IES Celso Emilio Ferreiro-Celanova.
- Horario lectivo:
  - o Setembro e xuño: de 9:15h a 14:15. Comedor e saída sobre as 15:00 - 15:10h.
  - o De outubro a maio: de 9:30h a 13:30 – 14:50 a 15:50h.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

#### **Contexto socioeconómico e cultural.**

As principais actividades económicas da comarca son a agricultura, a gandería e a pequena empresa ou negocio familiar.

Pódese dicir que o sector maioritario das nosas familias é dunha clase media, nalgúns casos media-baixa, circunstancia coa que contamos á hora de expor unha escola de calidade e integradora que garanta a igualdade de oportunidades, á marxe da súa orixe socio-cultural. Unha parte das familias do Concello vese obrigada a traballar fóra do municipio e desprazarse ata localidades próximas para desenvolver a súa actividade laboral.

A nivel cultural no Concello, destacar a asociación Rebulir, da que forman parte varios alumnos/as do centro e, que anualmente organiza diferentes actividades de carácter lúdico-cultural.

### **Contribución ao Proxecto Educativo**

Para elaborar este Plan Dixital tivéronse en conta os demais plans e proxectos do centro, de xeito que a súa elaboración servise de polo multiplicador doutros aspectos do centro escolar. Neste sentido, no Proxecto Educativo do centro ven recollido que se tentará potenciar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), permitindo ao alumnado adquirir as destrezas necesarias para acadar a Competencia Dixital. Ademais, a lexislación educativa establece que todos os centros deben impulsar as novas tecnoloxías, encamiñándose, así, cara unha educación 2.0 que permita dotar aos centros de recursos tecnolóxicos e ao profesorado desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe de maneira dixital.

Especial mención require, no noso caso, a relación deste Plan Dixital coa Programación Xeral do curso 22/23. Neste sentido, para o vindeiro curso, tal e como está recollido nese documento, vaise implementar o Plan E-Dixgal en 5º e 6º de Educación Primaria. Esta mellora no noso centro educativo é froito da decisión consensuada e convencida de todo o claustro de profesores que considerou imprescindible implementar este plan para desenvolver as competencias dixitais e tecnolóxicas do noso alumnado.

Así, no vindeiro curso, a posta en marcha do Plan E-Dixgal nos derradeiros cursos da etapa xunto co desenvolvemento deste Plan Dixital vai permitir ao noso centro avanzar de xeito decisivo na adquisición de recursos dixitais e, sobre todo, no desenvolvemento de destrezas e competencias que lle permitan ao alumnado dominar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración deste Plan Dixital representa unha oportunidade de mellora para o noso centro, ao tempo que da cumprimento ao establecido na actual lexislación educativa.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se Modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE) establece no seu artigo 111 bis que “as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) na aula”. Para acadar isto, as entornas virtuais que se empreguen nos centros deben estar deseñados polos propios docentes para prever a consecución dos obxectivos concretos do currículo ao tempo que se teñen en conta as características do alumnado, do tempo e espazos do centro. En definitiva, os docentes deben elaborar unha estratexia dixital adaptada ao centro.

Esta idea concretase no artigo 121 da LOMLOE, no cal ao abordar a importancia do Proxecto Educativo se establece que este “recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro”. O feito de encadrar esta estratexia dixital dentro do Proxecto Educativo amosa a importancia que as Administracións educativas lle queran dar ao Plan Dixital e, por tanto, a relevancia que este documento debe ter no funcionamento do noso centro. Nesta liña pero xa no ámbito autonómico, a Resolución do 17 de xuño do 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas no curso académico 2021/22, concreta aínda máis a base lexislativa deste documento cando establece na súa Disposición adicional quinta que “os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu Plan Dixital acordo coas instrucións que se diten”.

Finalmente, estas instrucións das que fala a resolución anterior foron publicadas a comezos deste curso por medio da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital. Estas instrucións son compás que nos permitiu poder deseñar e elaborar o presente documento, facilitándonos unha guía para poder coñecer os obxectivos que debíamos acadar, cales eran os pasos que tiñamos que dar para acadalos, que docentes do centro debían implicarse na elaboración do documento, que papel tiña que cumprir o resto da comunidade educativa, etc.

## 1.4. Proceso de elaboración

O noso centro educativo conta con menos de 8 unidades polo que atendendo á Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital, no noso centro non se debía establecer Equipo de Dinamización do Plan Dixital se non que un membro do equipo directivo ou persoa que el delegase debía de elaborar este plan.

A pesar do anterior, e tendo en conta que dende o CFORE se ofreceu aos centros un PFPP para desenvolver as destrezas necesarias para elaborar este Plan Dixital, no noso centro decidimos solicitar ese grupo de traballo do PFPP para que así todo o claustro do centro puidese participar na elaboración do mesmo, construíndo este novo documento do centro de xeito colaborativo e participativo e así enriquecelo coa participación de todos os docentes. Finalmente, todos os docentes do claustro inscribíronse para participar no grupo de traballo e, por tanto, este documento é o resultado das súas opinións e contribucións.

Concretamente, para elaboralo, aproveitáronse as horas de obrigada permanencia no centro, os mércores a tarde, de xeito que nese tempo, os docentes reuníamos na sala de profesorado para abordar aqueles aspectos que nos esixía o grupo de traballo do PFPP e así, pouco a pouco, elaborar os apartados que finalmente ten o noso Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Actualmente o centro pertence ao Programa de Escolas Conectas, C121/15-SV. Este programa dotou ao centro dunha conectividade sen fíos mediante a instalación de numerosos puntos de acceso (un en cada aula e tamén nos corredores). Ademais da rede sen fíos posuímos no centro diversas conexións mediante fíos na zona da biblioteca e na de xestión e organización. Ambas conexións teñen o seu punto de orixe nos dous RACK que hai instalados na

secretaría do centro e albergan sistemas informáticos e redes de telecomunicación. Tamén contamos cunha liña de telefonía.

- No centro contamos cos seguintes recursos:

- ✚ 10 ordenadores de sobremesa, con conexión á rede: 8 de uso na biblioteca e 2 na zona de xestión e administración.
- ✚ 10 ordenadores portátiles: 4 de uso na biblioteca escolar que son considerados como equipos dispoñibles para as aulas móbiles, 1 no Departamento de Orientación, 1 na aula dixitalizada nº 1, 1 na aula dixitalizada nº-2, 1 na aula dixitalizada nº-3, 1 equipo para uso nas salas de profesorado e 1 equipo de xestión e administración.
- ✚ 2 tabletas de uso na biblioteca que tamén se usan para as aulas móbiles.
- ✚ 3 EDI: equipos dixitais interactivos, formados por ordenador, PDI e canón.
- ✚ 1 canón cunha pantalla de proxección de uso na biblioteca.
- ✚ 1 canón e unha pantalla de proxección, ambos móbiles, para poder usar en calquera parte do centro.
- ✚ Un fotocopiadora conectada a todos os dispositivos do centro, da que se pode facer uso dende calquera parte do centro.
- ✚ Servizos dixitais educativos:
  - Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprogelioyanhez/>
  - Aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprogelioyanhez/aulavirtual/>
  - E-Dixgal que se porá en funcionamento no curso 2022-2023 en 5º e 6º cursos de educación primaria.
  - Uso de Abalarmobil na comunicación coas familias e docentes.
- ✚ A xestión e mantemento dos equipos do centro corren a cargo do coordinador sas NNTT, que a súa vez e o director do centro.

Ao comezo de cada curso escolar asígnaselle a cada docente un equipo informático do que fará uso persoal durante todo o ano escolar.

Os alumnos teñen acceso aos ordenadores e dispositivos que se atopan na biblioteca. Tamén teñen acceso á fotocopiadora, sempre con autorización do mestre pertinente.

- ✚ O plan de continxencia e outros protocolos poden atoparse na páxina web do centro citada anteriormente.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

Unha das fontes empregadas para elaborar este plan foi SELFIE, unha aplicación que permite aos centros educativos de Europa ter un análise dalgúns parámetros das competencias dixitais do seu centro. Este aplicación interactiva é moi sinxela e só require que os distintos membros da comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, alumnado) respondan a unha serie de preguntas sobre a situación do seu centro. Rematado o tempo, o responsable do centro pode extraer os datos reflexados en SELFIE e analizalos, atopando as fortalezas e debilidades desa comunidade educativa.



Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado					
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	3.3				
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4.1				
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	2.4				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2.2				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	2.4				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2.1				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	2.4				

## Test CDD

Outros dos recursos empregados para elaborar este plan foi o test CDD. Neste caso trátase dunha aplicación similar a anterior que permite sacar conclusións das competencias dixitais que se desenvolven nun centro partindo das respostas dadas polos seus docentes.

Perfil do profesorado do centro:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	3	4	75 %
<b>PROVISIONAL</b>	2	2	100 %
<b>INTERINO</b>	1	1	100 %
<b>SUBSTITUTO</b>	1	1	100 %
<b>DESPRAZADO</b>			

Nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
60.3	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a

Nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	60.3	Explorador (A2)	68.2	Integrador (B1)
<b>PRI</b>	62.4	Explorador (A2)	77	Integrador (B1)
<b>ESO</b>				

Distribución do profesorado:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	5	71.4 %
<b>B1</b>	2	28.6 %
<b>B2</b>		
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	7	100 %

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do test CDD, os docentes que conformamos o grupo de traballo do PFPP xeramos unha análise DAFO. Esta análise, como se pode ver a continuación, permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		1.- C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe 2.- C10 Dispositivos propiedade do centro para alumnos/as 3.- C14 Espazos físicos 4.- C16 Bibliotecas/repositorios en liña
	PERSOAL DOCENTE	1.- A3 Novas modalidades de ensino 2.- B2 Debate sobre uso da tecnoloxía 3.- D1 Necesidades do PDC 4.- D2 Participación no PDC	1.- A4 Tempo para explorar o ensino dixital 2.- B1 Avaliación do progreso 3.- E5 Recursos educativos abertos 4.- F6 Proxectos interdisciplinares 5.- G1 Avaliación das capacidades
	PERSOAL NON DOCENTE	1.- E1 Recursos educativos en liña 2.- D3 Intercambio de experiencias	1.- E2 Creación de recursos dixitais 2.- F4 Inclusión do alumnado 3.- F5 Colaboración do alumnado
	ALUMNADO	1.- Comportamento seguro	1.- C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe 2.- C10 Dispositivos propiedade do centro para alumnos/as 3.- H8 Aprender a comunicarse 4.- H10 Habilidades dixitais para distintas materias 5.- H13 Resolver problemas técnicos
	FAMILIAS		
	OFERTA	1.- A3 Novas modalidades de ensino	

<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	1.- A4 Tempo para explorar o ensino dixital 2.- C5 Asistencia técnica	1.- A1 Estratexia dixital 2.- A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado 3.- B1 Avaliación do progreso 4.- G8 Documentación da aprendizaxe
-------------------------------	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	1.- C3 Acceso a internet 2.- C5 Asistencia técnica	1.- C1 Infraestrutura 2.- C2 Dispositivos dixitais para o ensino 3.- C14 Espazos físicos 4.- C16 Biblioteca/repositorios en liña
	<b>LEXISLACIÓN</b>	1.- C7 Protección de datos	1.- A5 Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso
	<b>CONTORNA</b>		1.- C11 Fenda dixital: medidas para identificar dificultades 2.- C12 Fenda dixital: apoio para abordar dificultades
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		1.- B3 Colaboracións 2.- B4 Sinerxias para a aprendizaxe mixta

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Co análise DAFO xa presente, o grupo de traballo do noso PFPP estaba en posición de elaborar un plan de acción que determinase as áreas prioritarias e os obxectivos que se pretenden acadar coa posta en marcha deste Plan Dixital.

#### Áreas prioritarias

En canto as áreas prioritarias, tal e como se pode ver nas táboas do plan de acción, sitúanse as infraestruturas tecnolóxicas do noso centro. Neste aspecto, os docentes

consideramos que, en base aos datos extraídos do Informe SELFIE e do test CDD así como da nosa experiencia profesional, unha das áreas prioritarias a abordar, en canto as novas tecnoloxías no noso centro, é o dos recursos dixitais. É evidente que o noso centro non se atopa dotado correctamente cos recursos dixitais necesarios para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe de maneira dixital polo que consideramos prioritario este aspecto. Neste sentido, coa implementación do Plan E-Dixgal no vindeiro curso prevemos que esta eiva se minimize xa que este plan dotará ao noso centro de recursos dixitais. Aínda así, valoramos estes recursos insuficientes para conseguir que todas as nosas aulas teñan a infraestrutura tecnolóxica necesaria para desenvolver as competencias dixitais do noso alumnado.

Ademais da anterior, outra área prioritaria a abordar no noso centro é a dos materiais dixitais para levar a cabo a práctica docente. Neste sentido parece obvio que só dotando ao noso centro de infraestrutura dixital (ordenadores, PDIs, proxectores...) non se vai lograr un avance na competencia dixital do noso alumnado, polo que se fai preciso tratar os aspectos relacionados coa elaboración, adaptación e adquisición de materiais dixitais que se poidan implementar no día a día da nosa aula.

Finalmente, outra área prioritaria a abordar neste Plan Dixital vai ser a relacionada coa implementación do propio plan, é dicir, a que fai referencia á conciencia do profesorado coa importancia das novas tecnoloxías dixitais así como á coordinación de todo o relacionado co eido dixital en base a este documento. Neste aspecto, este Plan Dixital debe servir para coordinar todos aqueles aspectos do centro que teñen relación co eido dixital, dotándoos dunha coherencia e cohesión, e permitindo un desenvolvemento das competencias dixitais de xeito harmonioso ao longo dos anos.

### **Obxectivos do plan de acción**

Tal e como se pode comprobar nas táboas seguintes, despois de analizado o análise DAFO e valorado as áreas que considerábase prioritarias, dende o noso centro plantexámonos 5 obxectivos a acadar no vindeiro curso relacionados co Plan Dixital. Para a súa mellor análise establécense máis adiante as táboas resumo que permiten han permitir desenvolver os obxectivos, temporalizalos, establecer os responsables deles, avalialos... Estes cinco obxectivos son:

- Establecer un equipo de profesores/as (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital do centro.
- Actualizar os equipos informáticos do centro.
- Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
- Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente.
- Usar a aula virtual como ferramenta habitual de traballo nas diferentes materias.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Como xa se dixo no apartado anterior, unha das áreas prioritarias de traballo no noso centro educativo é a infraestrutura dixital. Neste aspecto, o noso centro conta con certa infraestrutura dixital (ordenadores de sobremesa, portátiles, PDIs, proxectores...) pero esta non é suficiente para desenvolver as competencias dixitais do alumnado.

En primeiro lugar, o centro conta con 22 dispositivos (operativos e non operativos) entre ordenadores de sobremesa, portátiles e tablets. Algúns destes dispositivos teñen moitos anos de funcionamento e atópanse nun estado “mellorable”. En concreto, algúns portátiles non permiten a conexión a internet vía Wifi, algúns ordenadores de sobremesa demoran excesivo tempo en acender ou mesmo quedan bloqueados nalgún momento e as tablets están desactualizadas non permitindo a súa utilización por parte do alumnado. As necesidades de equipamento que prevemos no plan de acción deste Plan Dixital sitúan en 20 os dispositivos operativos e en bo estado que debería ter o noso centro para desenvolver as competencias dixitais do alumnado de maneira óptima, sen contar os dispositivos dos que nos poidamos dotar grazas ao Plan E-Dixgal. Estes dispositivos serían utilizados para implementar no proceso de ensino-aprendizaxe, facilitando que o profesorado leve a cabo co seu alumnado recursos dixitais que ata agora non podía implementar no proceso de ensino-aprendizaxe.

En segundo lugar, o centro conta con 3 pizarras dixitais interactivas. Estas 3 PDIs móstranse insuficientes para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe no noso centro, no cal contamos con tres unidades por catálogo (1 EI, 2EP) pero que no curso actual e previsiblemente en vindeiros cursos serán catro unidades (1EI, 3EP) máis os

desdobles que se poidan facer. Neste aspecto, a previsión é que a matrícula do centro se manteña estable polo que, contando cos desdobles, no noso centro durante os próximos anos se empreguen, como mínimo, cinco aulas (1EI, 3EP, aula de desdoble). Así, sen contar as aulas dos especialistas (Inglés e Música), no noso centro precisaríamos de 5 PDIs para desenvolver minimamente o proceso do ensino. Un número inferior a ese implicaría que o alumnado do noso centro se atope en situación de desventaxa co alumnado doutros centros xa que non podería disfrutar de PDI na súa aula. Por todo isto, no plan de acción deste Plan Dixital consideramos que debemos lograr que as administracións educativas doten ao noso centro con 6 PDIs.

<b>Área de mellora: A Liderado: A1 Estratexia dixital</b>									
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>		Establecer un equipo de profesores/as (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital do centro (PDC)							
<b>Responsable:</b>		Dirección do centro							
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>		Número de persoas implicadas no EPD							
<b>Valor de partida: (3)</b>		Só o equipo directivo							
<b>Valor previsto e data: (4)</b>		0 75% do claustro do profesorado							
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>									
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>					
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>				
A01.1: Realizar unha reunión do claustro e da CCP para explicar a importancia do PDC.	Dirección	Setembro	Convocatoria do claustro Normativa Convocatoria da CCP	Realizouse a reunión do claustro e da CCP e o profesorado comprendeu a importancia do PDC	Realizada	Realizada			
A01.2: Motivar ao profesorado a colaborar concedendo unha hora de reunión semanal aos membros do PDC.	Dirección Inspección	Setembro	Horarios do centro Visto bo da Inspección	Concedeuse ao profesorado participante no PDC unha hora semanal para a súa coordinación	Realizada	Realizada			
A01.3: Crear un grupo de traballo sobre novas modalidades de ensino en relación á dixitalización na aula virtual.	Dirección	1º trimestre	CFR Fprofe Aula virtual	Creouse un grupo de traballo sobre novas modalidades de ensino e uso da aula virtual	Realizada	Realizada			
					Aprazada	Aprazada			
					Pendente	Pendente			
					Pendente	Pendente			
					Pendente	Pendente			



<b>Área de mellora: C Infraestrutura e equipos: C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe</b>						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Actualizar os equipos informáticos do centro					
<b>Responsable:</b>	Responsable TIC do centro					
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Número de ordenadores que se poidan actualizar ou que haxa que substituír por estar obsoletos					
<b>Valor de partida: (3)</b>	17 ordenadores e 3 pizarras dixitais, en situación de revisar/actualizar					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	20 ordenadores e 6 pizarras dixitais revisadas/actualizadas Finais do curso 2022/2023					
<b>ACCIONES A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRIPCIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
A01.1: Revisar os ordenadores para ver o estado dos mesmos.	Responsable TIC	1º trimestre	Serán revisados polo responsable TIC coa axuda dunha empresa externa	Fíxose unha valoración dos equipos informáticos (ordenadores e PDI) para fixar unha estratexia de actualización	Realizada	Realizada
A01.2: Determinar un plan de acción para actualizar os equipos informáticos do centro.	Responsable TIC	1º trimestre	Software e hardware necesarios para a actualización dos mesmos	Recuperouse o maior número posible de equipos. Estímase que se terán que cambiar cerca do 30% destes	Realizada	Realizada
A01.3: Actualizar os equipos informáticos do centro.	Responsable TIC	3º trimestre	Software e hardware necesarios para a actualización dos mesmos	Puxéronse en funcionamento/actualización 20 ordenadores e 6 PDIs	Realizada	Realizada

<b>Área de mellora: C Infraestrutura e equipos: C14 Espazos físicos</b>						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais					
<b>Responsable:</b>	Dirección do centro e responsable TIC					
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Reorganización dos espazos do centro educativo					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Non hai espazos axeitados no centro educativo para a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Equipamento básico (conectividade WIFI e ethernet, canón, PDI e ordenador) en todas as aulas. Aula dixital de uso común. Finais do curso 2022/2023					
<b>ACCIONS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRIPCIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
A01.1: Realizar un estudo sobre a reorganización arquitectónica dos espazos do centro.	Dirección Responsable TIC Consellería	Setembro	Aula de informática Espazos do centro	Creouse un aula dixital (espazo) nalgún lugar do centro	Realizada	
A01.2: Dotar aos espazos tecnolóxicos co equipamento básico.	Dirección Responsable TIC Consellería	2º trimestre	Equipos informáticos do centro Equipos facilitados pola Consellería	Dotouse á aula dixital de material e equipamento básico necesario	Realizada	
A01.3: Elaborar un protocolo e un horario de uso común da aula dixital.	Dirección Responsable TIC	2º trimestre	Horario centro	Creouse un protocolo e existe un horario de uso común da aula dixital	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>Área de mellora: E Pedagogía: apoios e recursos: E2 Creación de recursos dixitais</b>					
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente				
<b>Responsable:</b>	Dirección do centro				
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Número de recursos dixitais creados polo profesorado				
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 recursos dixitais creados polos docentes				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	6 recursos dixitais creados polos docentes Finais do curso 2022/2023				
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRIPCIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>
A01.1: Solicitar e crear un PFPF cunha liña de creación de recursos dixitais.	Dirección Coordinador PFPF Asesoría CAFI/CFR	1º trimestre	Solicitud Conexión a internet Ordenadores	Crease un grupo de traballo con máis do 75% do profesorado	Realizada Aprazada Pendente
A01.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de EP.	Profesorado	3º trimestre	Conexión a internet Ordenadores	Creáronse máis de 6 recursos dixitais elaborados polo profesorado	Realizada Aprazada Pendente
A01.3: Subir á aula virtual os recursos dixitais adaptados ao alumnado de EP.	Profesorado	3º trimestre	Conexión a internet Ordenadores	Subíronse a internet máis de 6 recursos dixitais elaborados polo profesorado	Realizada Aprazada Pendente

<b>Área de mellora: H Competencias dixitais do alumnado: H10 Habilidades dixitais para distintas materias</b>					
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Usar a aula virtual como ferramenta habitual de traballo nas diferentes materias				
<b>Responsable:</b>	Dirección do centro				
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Número de materias nas que se usa a aula virtual de forma habitual				
<b>Valor de partida: (3)</b>	Implantación e uso da aula virtual no 15% das materias				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Implantación e uso da aula virtual en máis do 50% das materias 1º trimestre				
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRIPCIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>
A01.1: Establecer no horario do profesorado unha hora mensual para o traballo na aula virtual.	Dirección Inspección	30 de setembro	Horarios do centro Visto bo de Inspección	Concedese ao profesorado unha hora mensual dentro do seu horario para o traballo na aula virtual	Realizada Aprazada Pendente
A01.2: Formar ao profesorado e ao alumnado no uso da aula virtual.	Dirección Responsable TIC CFR	15 de outubro	Ordenadores Formación do CFR	Creouse un grupo de traballo sobre novas modalidades de ensino e uso da aula virtual	Realizada Aprazada Pendente
A01.3: Crear categorías por cursos e materias na aula virtual e darlle uso.	Responsable TIC Profesorado	15 de decembro	Ordenadores Aula virtual	Organizouse virtualmente a aula virtual e estase en disposición de darlle uso	Realizada Aprazada Pendente

## 4. Avaliación do plan

Todo aspecto do proceso de ensino-aprendizaxe precisa de ser avaliado xa que avaliar implica mellorar ao permitir detectar as fortalezas e debilidades e, por tanto, determinar que aspectos debemos manter e cales aspectos debemos mellorar. Este Plan Dixital e os seu desenvolvemento non ía ser menos xa que así no noso centro ímos poder saber que aspectos do mesmo se lograron e cales se deben seguir reforzando.

Ao falar de avaliación sempre debemos facer mención a dous aspectos: a avaliación procesual e a avaliación final.

Respecto da avaliación procesual, hai que sinalar que esta desenvolverase ao longo do curso, tentando detectar o bo desenvolvemento do plan a medida que se vai poñendo en marcha. En calquera caso, ao rematar cada trimestre, coincidindo coa reunión de Claustro que debe haber de maneira obligatoria según a lexislación educativa, farase unha avaliación procesual na que se analice o estado de execución das accións, os resultados obtidos ao lograr as accións previstas e, de ser o caso, as posibles modificacións ou propostas de mellora que se poden levar a cabo.

Respecto da avaliación final, hai que dicir que este plan será avaliado a final de curso para ver se se acadaron os obxectivos plantexados. Nesta avaliación, ademais, incluíranse as posibles propostas de mellora para vindeiros cursos, o cal será a base para elaborar os obxectivos do Plan Dixital para o seguinte curso, voltando a concretar uns obxectivos a acadar, os pasos que se deben realizar para acadalos e os indicadores de logro que nos van permitir saber si se acadaron ou non.

## 5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será publicado e exposto na páxina web do centro para o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

Esta Plan foi presentado ao Consello Escolar do Centro en reunión celebrada o día 1 de xullo de 2022.

O presidente: J. Manuel Varela Vila      A secretaria: Cristina Fernández Borrajo

Representantes do claustro, pais/nais e concello:

Claustro: Noelia Domínguez

Pais/nais: Bernardo Carreiro Álvarez

Pais/nais: Jorge Pérez Vázquez

Concello: Isabel Gil Álvarez

En Ramirás, a 1 de xullo de 2022